

24 DE XUÑO. DÍA INTERNACIONAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA.

A electropolución é a exposición continua a campos electromagnéticos, principalmente **liñas de alta tensión** e subestacións eléctricas, así como as **antenas de telefonía móbil** e os sistemas Wifi-Wimax. Nesta data, organizacións de afectad@s e ecoloxistas queremos denunciar o medre insostíbel da electro-polución pola **proliferación descontrolada** de infraestruturas eléctricas e redes de telecomunicación, que se está a converter nun problema ambiental e de saúde. Porén, demandamos un **cambio lexislativo profundo** nas normativas que regulamentan este tipo de actividades.

No que atinxe á contaminación electromagnética producida polos campos electromagnéticos de **baixa frecuencia** (liñas e subestacións eléctricas), as mobilizacións veciñais contra os proxectos de senllas subestacións eléctricas en Patraix (Valencia) e Grado (Asturias) ou a loita contra o trazado das liñas Lada-Velilla (Asturias-León), Soto del Barco (Asturias)-Penagos (Cantabria) e Gueñes (Biscaia), o proxecto de interconexión de alta tensión con Francia, en Cataluña e tantos outros, son exemplos dunha maior preocupación sobre os impactos e posibles afeccións para a saúde derivadas desta **proliferación descontrolada e caótica** no medio rural e urbano.

Xunto a isto hai que sinalar **accións xudiciais** como a sentenza pola que se condenaba a unha empresa eléctrica pola contaminación electromagnética dun transformador en Murcia e a resolución da Audiencia Provincial de Castellón que obrigaba á retirada dun transformador en Burriana; ao considerar que existe un indicio razoábel e significativo de que o nivel de exposición nas vivendas é un factor de risco. Estas accións poñen de manifesto unha longa loita contra os **impactos ambientais** e sobre a **saúde pública** derivada dunha exposición continua aos campos electromagnéticos de baixa frecuencia, como os producidos polas liñas de alta e media tensión, subestacións, transformadores e infraestruturas eléctricas.

Creemos que es necesario un **cambio significativo da Lei do Sector Eléctrico do 97** e os regulamentos de liñas de alta tensión e subestacións eléctricas, así como da lexislación autonómica coa introdución de criterios de **precaución, distancias de seguridade**, reserva específica de solo para esas infraestruturas fóra de zonas residenciais e **rebaixa** significativa dos **niveis de exposición** a campos electromagnéticos.

As mobilizacións contra as emisións de campos electromagnéticos de moi alta frecuencia e microondas pulsáteis producidas polas **antenas de telefonía móbil** e sistemas de telecomunicación foi unha constante en todo o estado español, ante unha normativa estatal que se fixo ao ditado das operadoras. Existen numerosas conferencias internacionais que alertan sobre os posibles efectos e riscos na saúde (Declaracións de Viena 1998, Salzburgo 2000, Roccaraso 2000, Alcalá de Henares 2002, Catania 2002, Friburgo 2002, Benevento 2006) así como estudos epidemiolóxicos e traballos científicos europeos, como o programa REFLEX, que alertan sobre cambios a nivel celular e subcelular cos consecuentes efectos negativos sobre os seres vivos, o medio ambiente e a saúde.

Por todo isto, é imprescindible o desenvolvemento dun programa e **investigación pública**, estatal e independente, con estudos epidemiolóxicos sobre os efectos sobre a saúde e un **cambio en profundidade da normativa** actual que debe basearse en criterios de control público sobre os lugares de establecemento de antenas, valores límite de exposición que impidan que se orixinen as enfermidades de que falan eses estudos e se produzan cambios celulares, así como tamén é necesario a transformación da Lei Xeral de Telecomunicacións e da normativa estatal e autonómica sobre o espazo radio-eléctrico.

ASINAN: Acció Cultural del País Valencià; Acció i Reflexió Ciutadana; ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza; Afectats Antenes Sant Andreu, Barcelona; Agró – Acció Ecoloxista; APDR- Asociación pola Defensa da Ría, Pontevedra; AMPA y claustro Colegio M^a Auxiliadora, Valencia; AMPA y claustro de CP Angel de la Guarda, Valencia; AMPA y claustro de CP Fausto Martínez, Valencia; AMPA y claustro de CP Jesús, Valencia; AMPA y claustro de CP Padre Manjón, Valencia; AMPA y claustro de CP Ramiro Jover, Valencia; AMPA y claustro de CP Sara Fernández, Valencia; AMPA y claustro de CP Soto Micó, Valencia; AMPA y claustro de CP Tomás de Villarroya, Valencia; AMPA y claustro de IES Juan de Garay, Valencia; AMPA y claustro de IES Joanot Martorell, Valencia; AMPA y claustro de IES Ciudad del Aprendiz, Valencia; ANTENA NO - Getxo, Vizcaya; ASIDES, Zaragoza; Asociación de afectados/as polas antenas de Chapela, Vigo; Asociación de Estudios Geobiolóxicos GEA; Asociación de Vecinos Creu Coberta, Valencia Asociación de Vecinos de Favara, Valencia; Asociación de Vecinos Jesús-Gaspar Aguilar, Valencia; Asociación de Vecinos "La Maragata", Comares, Málaga; Asociación de vecinos Parque Central-Iturbi, Valencia Asociación de Vecinos San Marcel.Lí, Valencia; Asociación de Vecinos San Vicente, Valencia; Asociación de Vecinos Senabre, Valencia; Asociación Oikos-Ambiental, Mataró; Asociación Vallisoletana de Afectad@s por Antenas de Telefonía Móvil, Valladolid; Asociación de Vecinos de Daganzo, Madrid; AVACE - Asociación Valenciana Afectados por Campos Electromagnéticos; Colectivo de Afectados por Telefonía Móvil de Navarra; Colectiu Les Delícies - Rafelguaraf; Colectiu Units pel Voluntariat i la Llengua; Comisión para el Traslado de la Subestación de Patraix, Valencia; Compromís pel Territori; Coordinadora Contra l'Alta Tensió de la Vallidigna; Coordinadora de Afectados/as pola Instalación de Antenas de Telefonía Móvil de Ourense; Coordinadora por la Enseñanza Pública del Distrito de Jesús, Valencia; COVACE Coordinadora Vasca de Afectados por Contaminación Electromagnética; Cuidado Antenas de Salamanca; DORRETXE Asociación Ecoloxista, Euskadi; Ecoloxistas en Acción Guadalajara; Ecoloxistas en Acción de León Ecoloxistas en Acción Región Murciana; Ecoloxistas en Acción de Madrid; Ecoloxistas en Acción de Salamanca; Ecoloxistas en Acción de Catalunya Ecoloxistas en Acción País Valencia; Federación de Asociaciones de Vecinos (FAVB) de Barcelona; Federación Veciñal Roi Xordo de Ferrol; FUCAT (Fòrum Unitari Contra l'Alta Tensió); Granja La Peira, Cooperativa Valenciana; Grupo de Estudio y Conservación de los Espacios Naturales (GECEN); Intersindical Valenciana; Marfull; Paiporta sin Antenas; PKAT Plataforma contra l'Alta Tensió; Plataforma Cidadá da Ponte, Ourense; Plataforma contra as antenas de Vite, Santiago de Compostela; Plataforma contra las Antenas de Telefonía Móvil, Alicante; Plataforma de afectados/as de San Lázaro, Santiago de Compostela; Plataforma de Afectados por la Telefonía Móvil de León; Plataforma de Vecinos Afectados por la Telefonía Móvil, Barrio Covadonga, Torrelavega, Cantabria; Plataforma NAT - l'Ènova; Plataforma NAT – Manuel; Plataforma NAT-ÈNOVA; Plataforma NAT – Barxeta; Plataforma No a la Contaminació de Castellón; Plataforma Pels Pobles de la Safor; Plataforma per Russafa Plataforma Vecinal de Penagos, Cantabria; Plataforma Veñal de Sant Antoni, Barcelona; SAGARRAK –Ecoloxistak Martxan; SVO Sociedad Valenciana de Ornitología, Xuquer Viu.